

**BATERÍA DE PREGUNTAS 1º EXERCICIO
ADMINISTRATIVO/A (PERSONAL LABORAL)**

- 1. As cortes xerais están formadas por:**
 - a. Congreso, Senado e Asembleas das CCAA
 - b. Congreso e Asembleas das CCAA
 - c. Congreso dos Deputados e Senado
 - d. Senado e Asembleas das CCAA

- 2. A Reforma constitucional non poderá iniciarse:**
 - a. En tempo de Guerra
 - b. En estado de excepción e sitio
 - c. En estado de alarma, excepción e sitio
 - d. As respostas A e C son correctas

- 3. Son electores e elixibles:**
 - a. Todos os españois que estean en pleno uso dos seus dereitos políticos
 - b. Todos os españois que estean en pleno uso dos seus dereitos e residan en territorio español
 - c. Todos os españois maiores de idade
 - d. Todos os españois non incapacitados física ou psiquicamente

- 4. As cámaras poderán delegar nas Comisións Legislativas Permanentes a aprobación de:**
 - a. Aprobación de proxectos de Lei e Leis de bases
 - b. Aprobación de proposicións de Lei e Leis de bases
 - c. Aprobación de proxectos de Lei e cuestións internacionais
 - d. Aprobación de proxectos ou proposicións de Lei

- 5. Do Poder Xudicial. Segundo o artigo 117.5 da CE, o principio que constitúe a base da organización e funcionamento dos tribunais é o de:**
 - a. Legalidade
 - b. Independencia
 - c. Unidade Xurisdiccional
 - d. Separación de poderes

- 6. As penas privativas de liberdade e medidas de seguridade estarán orientadas:**
 - a. Cara a educación e inserción social e poderán consistir en traballos voluntarios
 - b. Cara a educación e inserción social e non poderán consistir en traballos voluntarios
 - c. Cara a reeducación e reinserción social e poderán consistir en traballos forzados
 - d. Cara reeducación e reinserción social e non poderán consistir en traballos forzados

- 7. Segundo a Constitución Española, a capital do Estado é:**
 - a. A cidade de Madrid
 - b. O pobo de Madrid
 - c. A Vila de Madrid
 - d. Todas son correctas

- 8. Aprobado un proxecto de Lei Ordinaria e Orgánica polo Congreso dos Deputados:**
- Será sometido de inmediato a deliberacións do Senado
 - Será sometido de inmediato a votación no Senado
 - O Presidente do Senado, requirido o efecto polo do Congreso, farase cargo de inmediato do proxecto e someterao á deliberación e votación do Senado
 - O seu Presidente dará conta inmediata do mesmo ao Presidente do Senado, o cal o someterá á deliberación deste
- 9. O Goberno e a Administración. En que título da Constitución se fala do Goberno e da Administración?**
- Título IV
 - Título V
 - Título VI
 - Título III
- 10. Quen controla, segundo o noso texto constitucional, o sometemento da Administración aos fins que a xustifican?**
- O Tribunal Constitucional
 - O Congreso dos Deputados
 - O Goberno
 - Os Tribunais
- 11. Cal das competencias que a continuación se expresan non é exclusiva do estado?**
- A lexislación básica sobre montes, aproveitamentos forestais e vías pecuarias
 - A promoción do deporte e a adecuada utilización do ocio
 - Ditar as bases do regulamento estatutario dos funcionarios das CCAA
 - Ditar as normas básicas do réxime de prensa, radio e televisión e, en xeral, de todos os medios de comunicación social
- 12. Da Organización Territorial do Estado. O control da actividade dos Órganos das Comunidades Autónomas será exercido:**
- Polo tribunal Constitucional, o relativo á Constitucionalidade de normas regulamentarias
 - Pola xurisdición contencioso – administrativa, o da administración autónoma e as súas normas con forza de Lei
 - Polo Tribunal de Contas, o económico e normativo
 - Pola xurisdición contencioso – administrativa, o da administración autónoma e as súas normas regulamentarias
- 13. Cal é o número de membros que compoñen a Deputación Permanente do Congreso?**
- 15
 - 24
 - 20
 - 21
- 14. Que Poder representan as Cortes Xerais?**
- O Poder Xudicial
 - O Poder Lexislativo
 - O Poder Executivo

d. É o órgano de representación popular.

- 15. As Cámaras poderán delegar en Comisións Legislativas Permanentes:**
- a. A aprobación da reforma constitucional
 - b. A aprobación das Leis Orgánicas e de bases
 - c. A aprobación de proxectos e proposicións de Lei
 - d. A aprobación dos Presupostos Xerais do Estado
- 16. Cando o Defensor do Pobo, en razón do exercicio das funcións propias do seu cargo, teña coñecemento dunha conducta ou feitos presumiblemente delituosos:**
- a. Poñerao en coñecemento do Fiscal Xeral do Estado
 - b. Poñerao de inmediato en coñecemento dos Tribunais
 - c. Poñerao en coñecemento do Goberno que, á súa vez, informará a Fiscalía
 - d. Poñerao de inmediato en coñecemento do Ministerio do Interior
- 17. Cal é a función principal do Defensor do Pobo?**
- a. Facer leis
 - b. Resolver conflitos internacionais
 - c. Protexer os dereitos dos cidadáns
 - d. Administrar xustiza
- 18. Quen elixe ao Defensor do Pobo en España?**
- a. As cortes xerais
 - b. O Senado
 - c. O Consello Xeral do Poder Xudicial
 - d. O Rey
- 19. Quen referenda o nomeamento polo Rey do Presidente do Goberno?**
- a. O Presidente do Congreso dos Deputados.
 - b. É un acto que non necesita referendo.
 - c. O propio Presidente investido.
 - d. O Presidente do Senado.
- 20. Son membros compoñentes do Goberno:**
- a. Os Ministros e os Secretarios de Estado.
 - b. Os Ministros, o Consello de Estado e o Presidente.
 - c. O Consello de Ministros e as Comisións Delegadas do Goberno
 - d. Os Ministros, o Presidente e o Vicepresidente/s.
- 21. Para ser Ministro/a son requisitos imprescindibles:**
- a. Tanto ser español e prestar xuramento de gardar a Constitución como xurar ou prometer cumprir as súas obrigacións e lealdade ao Rey.
 - b. Ser español e prestar xuramento de gardar a Constitución.
 - c. Xurar ou prometer cumprir as súas obrigacións e lealdade ao Rey.
 - d. Ser Deputado do Congreso.
- 22. Cal dos seguintes principios de actuación da administración se enfoca a lograr o máximo rendemento cos recursos dispoñibles?**
- a. Eficiencia
 - b. Equidade
 - c. Coordinación

d. Xerarquía

- 23. Composición e estatuto do Goberno. Sinala a INCORRECTA:**
- a. O Goberno componse do Presidente, dos Vicepresidentes, no seu caso, dos Ministros e dos demais membros que estableza a lei.
 - b. Os Ministros dirixen a acción do Goberno e coordinan as funcións dos demais membros
 - c. Os membros do Goberno non poderán exercer outras funcións representativas que as propias do mandato parlamentario, nin calquera outra función pública que non derive do seu cargo, nin actividade profesional ou mercantil algunha.
 - d. A lei regulará o estatuto e incompatibilidades dos membros do Goberno.
- 24. Cal é o papel principal do poder xudicial?**
- a. Crear leis
 - b. Executar leis
 - c. Interpretar e aplicar as leis
 - d. Controlar o presuposto do goberno
- 25. A que se refire o termo “xurisprudencia”?**
- a. É a rama do dereito que se enfoca no estudo dos casos criminais
 - b. Refírese ao conxunto de leis que rexen nun país ou rexión
 - c. Ao conxunto de decisións xudiciais que establecen precedentes para casos futuros
 - d. A rama do dereito que se enfoca nas disputas entre administracións
- 26. En que ano foi aprobado o Estatuto de Autonomía de Galicia?**
- a. 1981
 - b. 1980
 - c. 1978
 - d. 1979
- 27. Segundo o Estatuto de Autonomía, cal é o órgano legislativo de Galicia?**
- a. Parlamento de Galicia
 - b. Consello da Xunta
 - c. Deputación Provincial
 - d. O Congreso dos deputados
- 28. Cantos deputados conforman o Parlamento de Galicia segundo o Estatuto de Autonomía?**
- a. 51
 - b. 61
 - c. 71
 - d. 81
- 29. Cal é a capital de Galicia segundo o Estatuto de Autonomía?**
- a. Santiago de Compostela
 - b. A Coruña
 - c. Ferrol
 - d. Vigo
- 30. Cal das seguintes competencias NON é xestiona da pola comunidade autónoma**

galega segundo o Estatuto de Autonomía?

- a. Educación
- b. Sanidade
- c. Xustiza
- d. Defensa

31. Os límites provinciais poderán cambiarse:

- a. Cando así o acorde o Pleno da Deputación.
- b. Mediante Lei Orgánica das Cortes Xerais.
- c. Cando así o decidan os municipios limítrofes.
- d. Mediante Lei da Comunidade Autónoma a que pertenzan.

32. Que entes conforman a Administración Local?

- a. As Comarcas e Áreas metropolitanas.
- b. As Mancomunidades de municipios.
- c. Os Municipios, as provincias e as Illas.
- d. Todas as anteriores conforman a Administración Local.

33. Que órganos existen en todos os Concellos?

- a. O Alcalde, os Tenentes de Alcalde, o Pleno e a Xunta de Goberno Local.
- b. O Alcalde e os Concelleiros.
- c. Ningunha é correcta.
- d. O Alcalde, os Tenentes de Alcalde e o Pleno.

34. Quen ten a competencia en materia de Educación en España?

- a. A Administración Xeral do Estado
- b. As comunidades autónomas
- c. É competencia exclusiva do Estado
- d. As competencias distribúense entre a Administración Xeral do Estado e as CCAA

35. Que competencia corresponde ao Estado en relación coa Sanidade?

- a. Regular a prestación de servizos sanitarios
- b. Xestionar os hospitais públicos
- c. Establecer os prezos dos medicamentos
- d. Controlar o acceso á atención médica

36. Cal das seguintes é unha competencia compartida entre o Estado e as Comunidades autónomas?

- a. A regulación do transporte público
- b. A protección do medio ambiente
- c. A xestión da seguridade cidadá
- d. A promoción do turismo nacional

37. Cales son os requisitos procedimentais para a creación ou supresión de Municipios?

- a. O ditame dos Consellos Consultivos e aprobación do Consello de Goberno da Comunidade.
- b. A audiencia aos Municipios interesados.
- c. O acordo por maioría absoluta do Municipio interesado.

d. A audiencia dos Municipios interesados e o ditame dos Consellos Consultivos.

38. En que artigo se recollen os elementos que forman el Municipio?

- a. Artigo 11 parágrafo 2 da Lei de Bases de Réxime Local.
- b. Artigo 11 parágrafo 2 da Lei 30/1992.
- c. Artigo 11 parágrafo 1 da Lei 30/1992.
- d. Artigo 11 parágrafo 1 da Lei de Bases de Réxime Local.

39. Quen está obrigado a inscribirse no Padrón municipal?

- a. Os españois.
- b. Unicamente os estranxeiros comunitarios.
- c. Toda persoa que viva en España.
- d. Os españois e os estranxeiros comunitarios.

40. Que entidades se encargan da xestión de servizos nun territorio determinado?

- a. Mancomunidades
- b. Comunidades Autónomas
- c. Deputacións
- d. Concellos

41. Que entidade se encarga de xestionar o territorio e os servizos públicos nunha provincia?

- a. Deputacións
- b. Mancomunidades
- c. Comarcas
- d. Concellos

42. Que entidade agrupa a varios municipios co obxectivo de coordinar políticas e servizos?

- a. Comarcas
- b. Mancomunidades
- c. Deputacións
- d. Consellos comarcais

43. A cantas provincias pode pertencer un Municipio?

- a. A todas as Provincias nas que se atope o termo municipal
- b. A varias Provincias
- c. A ningunha
- d. A unha soa Provincia.

44. Cal é a entidade que se encarga da administración local nun ámbito territorial inferior ao municipal?

- a. Concello
- b. Comarca
- c. Mancomunidad
- d. Área metropolitana

45. Que entidade agrupa a varios municipios nun territorio con características xeográficas, históricas ou culturais comúns?

- a. Concello

- b. Comarca
- c. Deputación provincial
- d. Área metropolitana

46. **Que nome recibe a proposta que se somete ao Pleno relativa a un asunto incluído na orde do día, que acompaña á convocatoria?**
- a. Proposición
 - b. Ditame
 - c. Enmenda
 - d. Rogo
47. **Que asistencia se require para a válida constitución do Pleno?**
- a. Un quinto do número legal de membros da Corporación.
 - b. Un terzo do número legal de membros da Corporación.
 - c. Un terzo do número de membros asistentes á reunión.
 - d. A metade máis un do número legal de membros da Corporación.
48. **Cal é o órgano colexiado local encargado de tomar decisións e establecer políticas no municipio?**
- a. Concello
 - b. Xunta autonómica
 - c. Xunta de Goberno Local
 - d. Pleno Municipal
49. **Cal é o prazo máximo para resolver un procedemento administrativo común?**
- a. 1 mes
 - b. 3 meses
 - c. 6 meses
 - d. 1 ano
50. **Que recurso se interpón contra os actos administrativos?**
- a. Revisión
 - b. Reposición
 - c. Recurso de alzada
 - d. Recurso contencioso-administrativo
51. **Cal é o prazo máximo para interpor un recurso de alzada?**
- a. 15 días hábiles
 - b. 1 mes natural
 - c. 2 meses naturais
 - d. 3 meses naturais
52. **Indique cal é o recurso administrativo que procede contra os actos firmes en vía administrativa se aparecen documentos de valor esencia para a resolución do asunto que, aínda que sexan posteriores, evidencien o erro da resolución recorrida.**
- a. Recurso de alzada ante o órgano superior xerárquico do que os ditou.
 - b. Recurso extraordinario de revisión ante o órgano administrativo que os ditou
 - c. Recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que os ditase

- d. Recurso extraordinario de revisión ante o órgano superior xerárquico do que os ditou.
- 53. A que nos referimos cando falamos de “caducidade” dun procedemento administrativo?**
- É o transcurso do prazo que ten a Administración para ditar e notificar a oportuna resolución administrativa sen que se levara a cabo a mesma.
 - É a posibilidade de ampliar os prazos establecidos na lei cando o procedemento se encontre próximo a rematar
 - Á extinción do dereito a resolver o procedemento administrativo por parte da Administración
 - Á facultade da Administración para anular os seus propios actos
- 54. Poderán establecerse especialidades do procedemento referidas aos órganos competentes, prazos propios do concreto procedemento por razón da materia, formas de iniciación e terminación, publicación e informes a solicitar:**
- Reglamentariamente
 - Só mediante lei
 - Ningunha é correcta
 - Mediante lei ou reglamentariamente.
- 55. En canto ao silencio administrativo, marca a INCORRECTA:**
- O silencio administrativo é a figura do dereito que permite a estimación ou desestimación tácita que a Lei anuda á ausencia de resposta por parte da Administración, unha vez transcorrido o prazo legalmente establecido.
 - O silencio administrativo sempre é positivo.
 - En procedementos iniciados a solicitude do interesado, o vencemento do prazo máximo sen notificar resolución expresa, lexitima ao interesado para entendela estimada por silencio administrativo.
 - A estimación por silencio administrativo ten para todos os efectos a consideración de acto administrativo rematador do procedemento.
- 56. Que principio rexe a relación xurídico administrativa?**
- Principio de igualdade
 - Principio de xerarquía
 - Principio de proporcionalidade
 - Principio de autonomía
- 57. Quen son os suxeitos da relación xurídico administrativa?**
- A Administración e os cidadáns
 - Os xuíces e os cidadáns
 - Os funcionarios públicos e os cidadáns
 - Os partidos políticos e os cidadáns
- 58. A que nos referimos cando falamos de “órganos colexiados” na Administración Pública?**
- A aqueles órganos compostos por un só membro
 - A os órganos compostos por varios membros con igualdade de voto
 - A os órganos compostos por varios membros con voto ponderado
 - A aqueles órganos compostos por membros elixidos por sorteo

59. **Cando falamos de Administración Electrónica referímonos...**
- A o uso da tecnoloxía para mellorar a eficiencia dos servizos públicos
 - Á eliminación dos servizos públicos presenciais
 - Á substitución parcial dos funcionarios públicos por intelixencia artificial
 - Á creación de novos impostos para financiar a tecnoloxía do estado
60. **O Esquema Nacional de Interoperabilidade...**
- Consiste nunha plataforma de mensaxería instantánea para a comunicación entre Administracións Públicas
 - É un sistema de seguimento de expedientes administrativos en liña
 - Refírese á norma que obriga aos cidadáns a utilizar servizos públicos electrónicos
 - É un conxunto de normas técnicas para garantir a compatibilidade entre sistemas informáticos
61. **En canto ao Rexistro Electrónico de Apoderamento: Un apoderado poderá inscribir o poderamento por Internet sempre que...**
- A inscrición sexa para exercer o poderamento no ano natural no que se solicita
 - O acompañe dun documento público ou privado con sinatura electrónica ou firma lexitimada
 - O acompañe da fe de vida da persoa apoderada
 - A inscrición sexa para levar a cabo soamente un trámite común
62. **Cando entra en vigor un Apoderamento Electrónico?**
- Nun prazo máximo de 48 horas despois da data de incorporación ao Rexistro Electrónico de Apoderamentos
 - Nun prazo máximo de 24 horas despois da data de incorporación ao Rexistro Electrónico de Apoderamentos
 - Nun prazo mínimo de 48 horas despois da data de incorporación ao Rexistro Electrónico de Apoderamentos
 - Nun prazo mínimo de 24 horas despois da data de incorporación ao Rexistro Electrónico de Apoderamentos
63. **Cal das seguintes NON é unha característica do acto administrativo?**
- Emana da Administración Pública
 - É fiscalizable ante a Xurisdición contencioso-administrativa
 - É unha comunicación bilateral
 - Non require mediación de vontade do suxeito destinatario para ter validez
64. **Serán motivados, con sucinta referencia de feitos e fundamentos de dereito, os actos administrativos que:**
- Limiten dereitos subxectivos ou intereses lexitimos
 - Se refiran a propostas de resolución nos procedementos de carácter sancionador
 - Rexeiten probas propostas polas persoas interesadas.
 - Todas son correctas.
65. **Tal e como se recolle na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, en canto ás condicións xerais**

para a práctica das notificacións... (SINALA A INCORRECTA):

- a. As notificacións practícaranse preferentemente por medios electrónicos e, en todo caso, cando o interesado resulte obrigado a recibila por esta vía.
- b. Con independencia do medio utilizado, as notificacións serán válidas sempre que permitan ter constancia do seu envío ou posta ao dispor, da recepción ou acceso polo interesado ou o seu representante, das súas datas e horas, do contido íntegro, e da identidade fidedigna do remitente e destinatario da mesma.
- c. As notificacións practícaranse preferentemente por medio da entrega directa, e cando non sexa posible, utilizaranse medios electrónicos
- d. As Administracións poderán practicar notificacións por medios non electrónicos cando precisen asegurar a eficacia da actuación administrativa e para iso resulte necesario practicar a notificación por entrega directa dun empregado público da Administración notificante

66. Cando os interesados nun procedemento sexan descoñecidos, ignórese o lugar da notificación ou ben, tentada esta, non se puido practicar, a notificación farase por medio de:

- a. Correo electrónico
- b. Contacto telefónico
- c. Dun anuncio publicado no «Boletín Oficial do Estado»
- d. Dun anuncio publicado no xornal de maior difusión da Comunidade Autónoma

67. Contra as disposicións administrativas de carácter xeral... sinala a CORRECTA:

- a. Non cabe recurso en vía administrativa
- b. Cabe recurso de alzada
- c. Cabe recurso en vía administrativa
- d. Cabe recurso de reposición

68. A execución forzosa polas Administracións Públicas efectuarase, respectando sempre o principio de proporcionalidade, polos seguintes medios:

- a. Apremio sobre o patrimonio
- b. Execución subsidiaria
- c. Multa coercitiva ou compulsión sobre as persoas
- d. Todas son correctas.

69. Cando o procedemento se iniciase de oficio, o transcurso do prazo de_____dende o inicio sen ditarse resolución producirá a caducidade do mesmo.

- a. 1 mes
- b. 3 meses
- c. 6 meses
- d. 12 meses

70. En canto ao recurso de alzada, sinala a INCORRECTA.

- a. O recurso de alzada poderá interpoñerse ante o órgano que ditou o acto que se impugna ou ante o competente para resolvelo
- b. O prazo para interpoñer o recurso de alzada será de 3 meses se o acto fose expreso.
- c. O prazo máximo para ditar e notificar a resolución será de 3 meses.
- d. Contra a resolución dun recurso de alzada non cabe ningún outro recurso administrativo, salvo o recurso extraordinario de revisión nalgúns casos.

71. **Os documentos que as persoas interesadas dirixan aos órganos das Administracións Públicas poderán presentarse, entre outras vías:**
- Nas oficinas de Correos, na forma que regulamentariamente se estableza
 - Nas representacións diplomáticas ou oficinas consulares de España no estranxeiro
 - Ningunha é correcta
 - A e B son correctas.
72. **Cada Administración deberá manter un arquivo electrónico _____ dos documentos electrónicos que correspondan a procedementos finalizados, nos termos establecidos na normativa reguladora aplicable.**
- Único
 - Alternativo
 - Fiable
 - Duradeiro
73. **Nos casos nos que proceda a comparecencia, a corresponde citación fará constar expresamente:**
- O lugar, a data e a hora da comparecencia
 - Os medios dispoñibles e o obxecto da comparecencia
 - Os efectos que producirá desatender a citación
 - Todas son correctas
74. **En cantos niveis se clasifican os postos de traballo da Administración Pública?**
- En 5 niveis
 - En 10 niveis
 - En 15 niveis
 - En 30 niveis
75. **Para ser admitido nas probas para o acceso á Función Pública local, será necesario, entre outros requisitos:**
- Posuír a nacionalidade española
 - Estar en posesión da titulación esixible
 - Non atoparse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas
 - Todas as anteriores son correctas
76. **Con respecto aos funcionarios de carreira, sinala a INCORRECTA:**
- Son funcionarios de carreira os que desempeñen o servizo en virtude de nomeamento legal
 - Son funcionarias de carreira da Administración local aquelas persoas que desempeñen servizo de carácter permanente nunha Entidade local
 - O persoal funcionario das entidades locais réxese pola lexislación local que resulte de aplicación
 - O Estatuto básico do Empregado Público establece as bases do réxime estatutario dos funcionarios públicos incluídos no seu ámbito de aplicación
77. **Un dos fundamentos de actuación que se recolle no Estatuto Básico do Empregado Público é:**
- Igualdade, mérito e capacidade tanto no acceso como na promoción profesional
 - Traballo en equipo
 - Igualdade entre os cidadáns
 - Parcialidade e garantía

- 78. Con referencia ao Estatuto Básico do Empregado Público aplicase ao persoal funcionario e no que proceda ao persoal laboral ao servizo de:**
- a. Da Administración Xeral do estado, da Administración das CCAA e das cidades de Ceuta e Melilla.
 - b. Das Administracións das entidades locais, dos organismos públicos así como das axencias e demais entidades de dereito público vinculadas a calquera administración pública
 - c. Das Universidades Públicas
 - d. Todas son correctas
- 79. A condición de funcionario decarreira da Administración local NON se perde por:**
- a. Renuncia ao posto
 - b. Perdida da nacionalidade española
 - c. Xubilación forzosa
 - d. Por imposición de sanción administrativa
- 80. Os entes locais poderán outorgar subvencións:**
- a. A Entidades privadas
 - b. A particulares que realicen actividades que complementen ou suplan as competencias locais
 - c. A entidades públicas
 - d. Todas son correctas
- 81. A acción de Fomento:**
- a. Consiste na actividade regulamentaria encamiñada a protexer ou promover aquelas actividades, establecementos ou riquezas debidos aos particulares e que satisfán necesidades públicas ou se estiman de utilidade xeral.
 - b. Consiste na actividade administrativa encamiñada a protexer ou promover aquelas actividades, establecementos ou riquezas debidos aos particulares e que satisfán necesidades públicas ou se estiman de utilidade xeral.
 - c. Consiste na actividade organizativa encamiñada a protexer ou promover aquelas actividades, establecementos ou riquezas debidos aos particulares e que satisfán necesidades públicas ou se estiman de utilidade xeral.
 - d. Ningunha é correcta
- 82. A finalidade da acción de policía por parte das Administracións Públicas:**
- a. É o mantemento da orde pública
 - b. É a consecución dos intereses xerais
 - c. Ambas son correctas
 - d. Ningunha é correcta
- 83. A que nos referimoscando falamos de potestade sancionadora?**
- a. Ao poder de outorgar premios e condecoracións
 - b. Á capacidade de impoñer normas
 - c. Á capacidade de impoñer castigos ou multas
 - d. Todas son correctas

- 84. Quen ten a potestade sancionadora nun Estado de Dereito?**
- Os cidadáns
 - Os xuíces e tribunais
 - Os representantes políticos
 - Os funcionario públicos
- 85. Cal é o obxectivo principal da potestade sancionadora?**
- Protexer os dereitos humanos
 - Fomentar a xustiza social
 - Manter a orde pública
 - Promover o desenvolvemento socioeconómico
- 86. Que principio prohibe sancionar por feitos ocorridos antes da entrada en vigor dunha lei?**
- Principio de legalidade
 - Principio de proporcionalidade
 - Principio de culpabilidade
 - Principio de irretroactividade
- 87. Que tipos de afectación dos bens de dominio público existen?**
- Presunta, implícita y expresa.
 - Presunta o implícita.
 - Implícita, presunta y auténtica
 - Implícita o expresa.
- 88. Segundo o artigo 78 do Regulamento de Bens das Entidades Locais, a que está suxeito o uso privativo dun ben de dominio público?**
- A unha autorización explícita
 - A unha ocupación efectiva
 - A un acto de adjudicación pública
 - A unha concesión administrativa
- 89. En que consiste a mutación demanial?**
- No cambio en concepto de demanialidade
 - No cambio que se produce no ben, sen que se altere a cualificación xurídica do mesmo
 - No cambio do ben considerado de dominio público
 - No cambio que se produce no ben, no que se altera a cualificación xurídica do mesmo
- 90. A que poden estar destinados os bens de dominio público das Entidades locais?**
- A os fins que sinale cada comunidade autónoma
 - Á satisfacción de bens ou servizos públicos
 - Ao desfrute dos administrados
 - Aos fins que sinale o Estado
- 91. En que artigo se recollen as potestades das Entidades Locais para a protección dos seus bens?**

- a. No artigos 45 da Lei de Bases de Réxime Local
- b. No artigo 44 do Regulamento de Bens das Entidades Locais
- c. No artigo 45 do Regulamento de Bens das Entidades Locais
- d. No artigo 44 da Lei de Bases de Réxime Local

92. En que artigo se regulan os bens que integran o patrimonio das Entidades Locais?

- a. No artigo 79 da Lei Reguladora das Facendas Locais.
- b. No artigo 79 da Lei de Bases de Réxime Local.
- c. No artigo 79 da Lei 30/1992.
- d. No artigo 79 do Regulamento de Bens das Entidades Locais.

93. Quen debe aprobar o inventario de bens das Entidades locais?

- a. O Presidente da Corporación local
- b. O Secretario da Corporación local
- c. O Pleno da Corporación Local
- d. A Comunidade Autónoma

94. Os documentos nos que se formalicen os contratos que celebren as entidades do sector público, salvo que xa se atopen recollidas nos pregos, deberán incluír, necesariamente, as seguintes mencións (sinalaa INCORRECTA):

- a. As condicións de recepción, entrega ou admisión das prestacións.
- b. A enumeración dos documentos que integran o contrato.
- c. O prezo certo, ou o modo de determinalo.
- d. A duración do contrato e nunca as datas estimadas para o comezo da súa execución e se para a súa finalización, así como a da prórroga ou prórrogas, se estivesen previstas.

95. Son contratos de subministracións:

- a. Os que teñan por obxecto a adquisición e o arrendamento de equipos e sistemas de telecomunicacións ou para o tratamento da información, os seus dispositivos e programas, fóra dos contratos de adquisición de programas de computador desenvolvidos a medida, que se considerarán contratos de servizos.
- b. Os que teñen por obxecto a adquisición, o arrendamento financeiro, ou o arrendamento, con ou sen opción de compra, de produtos ou bens mobles.
- c. Aqueles en os que o empresario se obrigue a entregar unha pluralidade de bens de forma sucesiva e por prezo unitario sen que a contía total defínase con exactitude ao tempo de celebrar o contrato, por estar subordinadas as entregas ás necesidades do adquirente.
- d. Todas son correctas.

96. Non se consideran suxeitos a regulación harmonizada, calquera que sexa o seu valor estimado:

- a. Aqueles cuxo obxecto principal sexa permitir aos órganos de contratación a posta a disposición ou a explotación de redes públicas de comunicacións ou a prestación ao público dun ou varios servizos de comunicacións electrónicas.
- b. Os incluídos dentro do ámbito definido polo artigo 346 do Tratado de

Funcionamento da Unión Europea que se conclúan no sector da defensa.

- c. Os declarados segredos ou reservados, ou aqueles cuxa execución deba ir acompañada de medidas de seguridade especiais conforme á lexislación vixente, ou nos que o esixa a protección de intereses esenciais para a seguridade do Estado, cando a protección dos intereses esenciais de que se trate non poida garantirse mediante a aplicación das normas que rexen os contratos suxeitos a regulación harmonizada na Lei 9/2017.
- d. Todas son correctas.

97. Se ao vencemento dun contrato non se formalizou o novo contrato que garanta a continuidade da prestación para realizar polo contratista como consecuencia de incidencias resultantes de acontecementos imprevisibles para o órgano de contratación producidas no procedemento de adxudicación e existan razóns de interese público para non interromper a prestación, poderase prorrogar como máximo:

- a. 6 meses sempre que o anuncio de licitación publicouse polo menos 3 meses antes de que finalizase o contrato orixinario
- b. 8 meses sempre que o anuncio de licitación publicouse polo menos 3 meses antes de que finalizase o contrato orixinario
- c. 9 meses sempre que o anuncio de licitación publicouse polo menos 3 meses antes de que finalizase o contrato orixinario.
- d. 7 meses sempre que o anuncio de licitación publicouse polo menos 3 meses antes de que finalizase o contrato orixinario

98. Otipo das recargas que establecen as Provincias, de que porcentaxe máxima será?

- a. Do 30 %.
- b. Do 40 %.
- c. Do 25 %.
- d. Do 50 %.

99. De que cantidade non pode exceder a base imponible das contribucións especiais?

- a. Do 75 % do custo que as Entidades Locais soportan pola realización das obras ou servizos gravados
- b. Do 80 % do custo que as Entidades Locais soportan pola realización das obras ou servizos gravados
- c. Do 50 % do custo que as Entidades Locais soportan pola realización das obras ou servizos gravados.
- d. Do 90 % do custo que a Entidade Local soporte pola realización das obras ou servizos gravados.

- 100. En que artigo se sinala que as Entidades Locais poden establecer e esixir tributos?**
- a. No artigo 133 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.
 - b. No artigo 133 da Lei 30/1992.
 - c. No artigo 133 da Constitución Española.
 - d. No artigo 133 da Lei de Bases de Réxime Local.